Criterio de imputación de gastos indirectos

(Modificación das páxinas 78 e 79 do Manual Operativo para a xustificación de gastos cofinanciados polo FSE. O manual está no Portal educativo, www.edu.xunta.es, entrando por centros, apartado de ferramentas)

A imputación de gastos comúns non se fará proporcionalmente ó número de alumnos de cada un dos diferentes tipos de ensinanzas, senón que se ponderan determinadas ensinanzas, considerando que o custo dalgunhas é superior ó das outras.

Dado que para o cálculo do coeficiente cómpre ter en conta o número de alumnos matriculados en cada centro e que as xustificacións destes teñen que ser en dous períodos, calcularanse dous coeficientes, un para o período xaneiro-setembro e outro para outubro-decembro. O número de alumnos que hai que ter en conta para o primeiro período será o dos matriculados no curso que remata o ano considerado e, para o segundo, os matriculados no curso que comeza nese mesmo ano.

Exemplo de cálculo do coeficiente de gastos indirectos:

A = alumnos de ESO/bacharelato/adultos (excepto alumnos MORA) = 210
PGS = alumnos de programas de garantía social = 12
CF = alumnos de ciclos formativos graos medio e superior (sen cofinanciar polo FSE) = 150
CF (FSE) = alumnos de ciclos formativos cofinanciados polo FSE = 38
MORA= alumnos en medidas de orientación, reforzo ou apoio = 18
Total de alumnos = 600

Custos unitarios: x = custo de alumno de A ou MORA
1,5x = custo de alumno de PGS
4x = custo de alumno dun ciclo formativo

$$\text{Coeficiente} = \frac{\text{MORA} + 1{,}5\text{PGS} + 4\text{CF (FSE)}}{\text{A} + 4\text{CF} + \text{MORA} + 1{,}5\text{PGS} + 4\text{CF (FSE)}} = \frac{18 + (1{,}5\text{x}12) + (4\text{x}38)}{210+(4\text{x}150)+18+(1{,}5\text{x}12)+(4\text{x}38)} = \frac{188}{998} = \mathbf{0{,}19}$$

Imputación dunha factura de enerxía eléctrica no período xaneiro-setembro:
Importe factura x 0,19 = 1.520,12 € x 0,19 = 288,82 €.

Comentarios ó cálculo anterior:

Cabe mencionar que o coeficiente calculado é global (no exemplo, o 19% da factura); é dicir, imputable como gasto indirecto a tódalas ensinanzas cofinanciadas. Sería conveniente optar, unha vez calculado o coeficiente global, por repartilo individualmente ás ensinanzas cofinanciadas en función do seu número de alumnos e a súa ponderación, e non a partes iguais. No exemplo, de 288,82 € (19%) entre, un ciclo de informática, un PGS e o Programa de diversificación curricular (MORA) que imparte o IES.

É dicir: factura por importe de 288,82 €.; coeficiente global de imputación como custo indirecto = 19%; importe do custo indirecto = 54,88 €.

Total alumnos de ensinanzas cofinanciadas (segundo exemplo) = 68

Alumnos de ciclos = 38 alumnos.
Importe imputable como gastos indirecto a ciclos = (38x4) / 998 = 0,15
0,15 fronte ao coeficiente total 0,19 supón o 78,95% de imputación de gastos a ciclos.
Polo tanto 78,95% de 288,82 € = 228,02 €.
Se houbera máis dun ciclo habería que desagregalos, calculando a porcentaxe de cada un.

Alumnos PGS = 12
Importe imputable como gasto indirecto a PGS = (12x1,5) / 998 = 0,02
0,02 fronte ao coeficiente total 0,19 supón o 10,53% de imputación de gastos a PGS.
Polo tanto 10,53% de 288,82 € = 30,40 €.
Á súa vez, desagregariámolo por programas de garantía social se houbese máis dun programa.

Alumnos do programa de diversificación curricular (MORA): 18
Importe imputable como gasto indirecto = 18 / 998 = 0,02
0,02 fronte ao coeficiente total 0,19 supón o 10,53% de imputación de gastos a MORA.
Polo tanto 10,53% de 288,82 € = 30,40 €.

Unha vez establecido un criterio de imputación razoable, débese manter uniformemente ou de forma sistemática (principio contable de uniformidade); non é admisible varialo dun exercicio a outro en función de criterios non razoables e non xustificados.

Os custos indirectos (calculados) deben corresponder a uns custos reais que poidan ser contrastados mediante método verificable, e deben imputarse de forma equitativa, de acordo coas normas de contabilidade xeralmente aceptadas. Os gastos indirectos deben estar contabilizados, igual cós gastos directos, de xeito claro e transparente, que permita relaciona-los documentos xustificativos coas accións realizadas. O problema para o seu rexistro contable en soporte dun programa contable é que unha factura de gastos indirectos se reparte entre distintas ensinanzas e habería que realizar numerosos asentos para a súa contabilización por ensinanza. Nas páxinas seguintes deseñamos unha folla en soporte de aplicación informática “Excel” para facilita-lo cálculo do coeficiente xeral e individual dos gastos indirectos e, ademais, un cadro detalle de imputación de gastos indirectos ás ensinanzas cofinanciadas (ámbalas dúas xúntanse en disquete no anexo), como soporte contable auxiliar verificable dos gastos indirectos imputados.